

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 11 DE SETEMBRO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:00 horas do día 11 de setembro de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 7 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D^a. M^a Jesús Lago Rey
- Vocais:** D^a. Margarita Parajó Calvo
D. Alberto Escariz Couso
D. José Riesgo Boluda
D. Oscar Couce Senra (asiste ao punto 2.b e 4.a)
D. Secundino Otero Fidalgo (asiste aos puntos 8.a, 9.a e 10.a)
- Secretaria:** D^a. Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión polo Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo (98.714-210)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A "*Documentación persoal*". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. PROSEÑAL, S.L.U.
 2. ACEINSA MOVILIDAD, S.A.
 3. SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.
 4. API MOVILIDAD, S.A.
 5. FERROSER INFRAESTRUCTURAS, S.A.
 6. TECNIVIAL, S.A.
 7. SEROVIAL, S.L.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes e túneles do Concello de Vigo (40.873-444)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 20:44	Páxina 1 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF45-8756EE-335B3D-56XQVX-R4RM22-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ter conflito de intereses co licitador.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. É preciso reseñar que a este procedemento concorre un único licitador, DIGAMEL, S.A., que presenta un único sobre.

Aberto o sobre pola Secretaria compróbase que o mesmo contén a declaración responsable, un certificado de solvencia técnica e a oferta económica.

A Mesa debate a cuestión e tendo en conta as seguintes circunstancias:

- Que neste procedemento non hai criterios de xuízo de valor, polo que non existe a posibilidade de viciar o xuízo do técnico que realice a valoración.
- Que neste procedemento so se ten presentado un licitador, polo que non existen terceiros que puideran resultar prexudicados pola admisión do mesmo.

acorda, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, admitir neste procedemento a DIGAMEL, S.A.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo (98.714-210)

En acto público ábrese o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” dos licitadores presentados e admitidos.

Asiste público á apertura. D Manuel Otero Jorge de Ferrovial Servicios.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda dar traslado do expediente ao servizo xestor e solicitarlle informe sobre a referida documentación técnica.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes e túneles do Concello de Vigo (40.873-444)

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

Licitadores	% desconto prezos unitarios Lote 1	% desconto prezos unitarios produtos non previstos Anexo PPT Lote 1	% descont o prezos unitarios Lote 2	% desconto prezos unitarios produtos non previstos Anexo PPT Lote 2	% descont o prezos unitarios Lote 3	% desconto prezos unitarios produtos non previstos Anexo PPT Lote 3
DIGAMEL, S.A.	2%	2%	2%	2%	2%	2%

Non asiste público á apertura.



A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda dar traslado do expediente ao servizo xestor e solicitarlle informe sobre a referida documentación económica.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (10.850-255) (informe sobre C)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo o 6 de setembro de 2017 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (10.850-255)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo o 6 de setembro de 2017 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (10.850-255) (informe sobre C)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (10.850-255) na seguinte orde descendente:

	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	UTE INGESER ATLÁNTICA, S.L. - SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L.	96,00
2	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	90,09
3	CALFENSA PROYECTOS, S.L	83,72
4	SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL S.L.)	83,16



5	BRÓCOLI, S.L.	25,78
---	---------------	-------

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE INGESER ATLÁNTICA, S.L. - SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L. , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.799,85 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 20:44	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF45-8756EE-335B3D-56XQVX-R4RM22-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		